

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO GRADUADO EN ESO PARA PERSOAS ADULTAS

1. OBXECTO

Son obxecto das presentes bases o regulamento das condicións que se terán en conta para outorgar as axudas económicas que concede o Concello do Grove e que están destinadas a incentivar que as persoas maiores de 18 anos que non completaron os seus estudos básicos ou que teñen a EXB, pero non a ESO, rematen os seus estudos e obteñan o título de graduado en ensinanza secundaria obrigatoria (ESO), durante o presente curso 2011-2012, mediante a presentación ás probas extraordinarias que convoca anualmente a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Estas axudas cubrirán os gastos de academia desde novembro a xuño –que engloba dous módulos divididos en dous cuatrimestres de educación secundaria para persoas adultas-, en caso de que o alumno ou alumna finalice con éxito os seus estudos nalgunha das dúas convocatorias anuais establecidas –ordinaria e extraordinaria-.

2. FINANCIAMENTO

O importe das axudas financiarase con cargo á partida 2012.320.48000, denominada Ensinanza, axuda formación de adultos polo importe máximo de 5.000,00 euros.

3. BENEFICIARIOS

Serán beneficiarias todas as persoas maiores de 18 anos empadroadas no Concello do Grove que, tras recibir ensinanzas en academias da localidade, obteñan o título de graduado en ESO tras presentarse ás probas libres ou na modalidade a distancia que convoca anualmente a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Para poder optar a estas axudas, a renda máxima da unidade familiar non poderá superar o dobre do salario mínimo interprofesional de renda anual.

4. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN

4.1 As persoas interesadas presentarán a solicitude no Concello do Grove, xuntando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Certificado de empadramento
- Certificado da obtención do título en ESO
- Facturas de academia durante o curso en vigor
- Copia da declaración da renda ou xustificante de non realizala, ou ben autorización ao Concello para solicitar os datos correspondentes da Axencia Tributaria.

A comprobación do empadramento realizarase de oficio polo propio Concello.

4.2 O prazo para solicitar as axudas abrirase logo de que sexan publicadas as cualificacións da última convocatoria do curso.

4.3 Despois de seren cualificadas pola Concellería de Educación, as solicitudes presentadas serán aprobadas de xeito individual pola Xunta de Goberno Local.

5. IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas serán como máximo de 200 euros por módulo superado, que se aboarán nun pagamento único cando o alumno ou alumna xa estea graduado.

O importe total do conxunto das axudas concedidas non poderá superar o crédito que para tal fin está consignado na aplicación orzamentaria 320.48000 descrita no punto 2. Para estes efectos, e para o caso de que as solicitudes presentadas superasen a contía consignada, estableceríase unha prelación entre estas baseada nos seguintes criterios:

- 1.º As cualificacións obtidas polos solicitantes.
- 2.º A iguais cualificacións, a renda da unidade familiar, primando aquelas en que sexa máis baixa.

O Grove, 26 de abril de 2012

A Concelleira de Educación

Laura Besada Riveiro